



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/26	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de maio de 2017
Duración	Desde as 20:08 ata as 20:24 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRÉS GARCÍA BASTÓN	NON
53171075C	EVA RODRÍGUEZ CALVAR	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	NON
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	NON
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



A) PARTE RESOLUTIVA

Proposto XGL informe 696b17 (pasaxe permanente rúa Rabáns nº 35, Vilanova, Hío)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Instancia de J.A.S.L., na que solicita unha placa de pasaxe permanente e pintado fronte o portal para entrada do garaxe en rúa Rabáns nº 35, Vilanova, O Hío.

Que os axentes actuantes non observan ningún tipo de impedimento para que se conceda o solicitado, coas seguintes salvas:

- Que sería necesario ademais pintar horizontalmente unha liña amarela lonxitudinal continúa (3 metros) diante do garaxe afectado pola pasaxe permanente.
- Que a vía que dá lugar a da instalación do vado, é unha vía interurbana na zona rural do Hío, competencia aos efectos de tráfico da Garda Civil.

Expediente 3244/2017. actuación na rúa Barbate

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

O departamento de sinalización da Policía Local por medio do presente informe fai constar:

Que estamos a recibir varias queixas dos veciños da rúa BARBATE por que non poden dar a volta na mesma cos seus vehículos ao ser unha rúa sen saída.

Que este departamento despois de facer unha inspección ocular da rúa BARBATE aconsella facer unha zona de exclusión ao final da rúa con un marcado en amarelo e unha rebaixa das beirarrúas de ambas marxes.

Expediente 2859/2017. Licenza Urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 25.987 (2859/17).- A R.V.M., con enderezo na rúa da Fonte do Piñeiro 39-b- Piñeiro- Darbo, para no referido lugar, para a construción de muro de contención e peche de 73,30m, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico S.G.F., de data maio de 2.016. O presuposto de execución das obras ascende a 10.024,06 euros.



Expediente 1888/2017. Licenza urbanística de obras maiores	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE 1888/2017.- A A.G.-B.B., con enderezo a efectos de notificacións Rúa Urzaiz nº 69, 6º D, Vigo, conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para, en solo regulado pola ordenanza 11, construír un muro de contención de terras e acceso a parcela no lugar de PINTENS 77- O Hío, de conformidade co proxecto básico e de execución visado o 23.03.2017 elaborado polo arquitecto F.J.G.G.B. e a autorización da Deputación de Pontevedra do día 5.05.2016. O presuposto de execución material ascende a 6.126 €.</p>	

Expediente 654/2017. Licencia de Parcelación	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 654/2017.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove J.P.V., consistente en segreggar unha finca inicial sita en Rúa Herbello-Magdalena 108 de 3.260 m² en dúas parcelas resultantes, de conformidade co proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico S.G.F., visado 09.02.17.</p> <p>Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:</p> <p>PRIMEIRO.- Conceder licenza de parcelación a J.P.V. para segreggar unha finca inicial sita en Rúa Herbello-Magdalena 108 de 3.253 m² en dúas parcelas resultantes, de conformidade co proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico S.G.F., visado 09.02.17. As parcelas resultantes son parcela A, cunha superficie neta de 2.337 m² e unha superficie construída de 267 m² e parcela B de 828 m². A superficie de cesión ascende a 95m², correspondente ás parcelas identificadas como C e D.</p> <p>SEGUNDO.- Acéptase a cesión dos terreos situados fora alineacións formalizada en escritura pública de data 11 de maio de 2017 perante a Notaria de Cangas M.J.L.E., n.º do seu protocolo 371.</p>	

Expediente 3199/2017. Comunicación Previa de obras	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 3199/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por F.R.F., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Concepción Arenal, 7 Entr. A- Cangas, para obras de acondicionamento de local dedicado a oficinas sito na Rúa Longán, 14- Baixo, de conformidade coa documentación elaborada pola arquitecta T.C.P. de data 18.05.2017. O presuposto de execución das obras ascende a 17.105,36 €.</p>	



Expediente 2684/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 2684/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por J.L.C.R., con enderezo a efectos de notificacións en Pinténs, 39 – O Hío, para obras de reparación de fachadas en edificación sita en Pinténs, 39 –O Hío, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente e vista a autorización da Deputación de Pontevedra de data 15.05.17. O presuposto de execución das obras ascende a 1.877,50 €.	

Expediente 2994/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 2994/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por M.E.B.F., con enderezo a efectos de notificacións na rúa Benigno Soage, 12, para reparación de fachada medianeira norte en vivenda existente sita na rúa Retrama, 3-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a 1.575,60 €.	

Expediente 2299/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 2299/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por A.M.G., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Profesor Filgueira Valverde, 7-5º-D, 36004-Pontedra, para obras de reparación e conservación de cuberta en vivenda existente sita na Avda. Espírito Santo, 56 - Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente e a autorización do servizo de infraestruturas da Deputación de Pontevedra de data 20.04.2017. O presuposto de execución das obras ascende a 6.615,70 €.	

Expediente 2891/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº (2891/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por M.F.S., para construción de peche, no lugar de Leirachán- Coiro, de conformidade coa documentación presentada o presuposto de execución das obras ascende a 1.396,02 euros.	



Concello de Cangas

Expediente 2750/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2750/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por A.P.P., con enderezo a efectos de notificacións en lugar Verín, 12-Coiro, para obras consistentes en substitución de material de cuberta de edificación sita no lugar de Verín, 12- Coiro, de conformidade coa documentación incorporada ó expediente. O presuposto de execución das obras ascende a 15.042,00 €.

Expediente 2407/2017. Comunicación Previa en Materia Urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2407/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por INMOBILIARIA LARES, C.B., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Fonte do Galo, 3-Baixo, , titular do CIF: E 94023009, para obras de reparacións en local e rampla de acceso en local sito na rúa Sol, 19 - Baixo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 18.04.2017. O presuposto de execución das obras ascende a 3.000,00 €.

Expediente 3128/2017. PO 4122/2015. Aprobación custos xudiciais

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO DE CUSTAS DERIVADAS DO PROCEDIMENTO ORDINARIO 4122/2015 TRAMITADO POLO TRIBUNAL SUPREMO SALA SEGUNDA CONTENCIOSO ADMINISTRATIVA A INSTANCIA DE VODAFONE ESPAÑA, S.A.

Visto o Decreto ditado en data 8/7/2016 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Procedemento ordinario 4122/2015 instruído a instancia de VODAFONE ESPAÑA, S.A. (antes Airtel Móvil, S.A.).

Resultando que o citado Decreto aproba definitivamente a taxación de custas por importe de 1.931,57 € a cuxo pagamento resultou condenado este Concello.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



ACORDO

Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de 1.931,57 € en concepto de custas procesuais en base ao disposto no decreto de data 8/7/2016 do Tribunal Supremo recaído no Procedemento ordinario 4122/2015 instruído a instancia de VODAFONE ESPAÑA, S.A. (antes Airtel Móvil, S.A.), con cargo á partida orzamentaria 2017/0/920/22604/01

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

Expediente 101/2017. PO 93/2005. Dación conta Auto Xudicial

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

1.- PO 93/2005.- INCIDENTE DE INEXECUCIÓN (PSE 93/5/2) AUTO DITADO POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1.

- Recorrente: L.G.I., C.S.R.

- Contido: Acordase non admitir, por extemporáneo, o incidente de imposibilidade legal de executar a Sentenza, exposto pola representación procesal do Concello de Cangas, relativo a “, ..., que se declare a concorrencia de causa de imposibilidade legal de executar a Sentenza, e se dite Auto polo que se acorde que a execución de Sentenza de que se trata de efectuarse a partir do día 19 de febreiro de 2.020,..”, e todo iso, sen facer expresa imposición de custos a ningunha das partes.

_ Recurso: cabe interpoñer RECURSO DE APELACIÓN dentro dos quince días seguintes ao da notificación. (notificado a J.R.V.C. o 23 de maio de 2017).

Expediente 3328/2017. PO 235/2016. Dación conta de sentenza xudicial

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

1.- PO 235/2014.- SENTENZA 95/2017 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2.

- Recorrente: A.R.M.

- Contido: Desestima o recurso contencioso-administrativo presentado polo Procurador D. J.P.L., en representación de Dna. A.R.M. contra a resolución de 1 de xuño de 2016 do Alcalde-Presidente do Concello de Cangas pola que se declara a improcedencia de incoar expediente de reposición de legalidade urbanística e de sanción solicitados pola demandante en relación a obras realizadas por Inmobiliaria Velázquez S.L. en edificación sita en lugar de confluencia da



Concello de Cangas

Plaza Eirado do Costal nº 2 e a rúa Saralegui, nº 28.

- As custas impoñense á parte demandante, sen que a súa contía exceda de 600 euros por cada parte demandada en concepto de gastos de defensa e representación.

- Contra a mesma cabe interpoñer recurso de apelación admisible en ambos efectos no prazo de quince días ante o Excmo. TSX de Galicia.

Expediente 2120/2017. SAF 2966/01- DEPENDENCIA 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

D. Estanislao Graña García xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra),

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

Concederlle a ampliación do Servizo de Axuda a Domicilio a don M.V.O. con expediente 36008/01/002966-46278 pola quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles:

Prestacións:

Atencións de carácter persoal.
Atencións de carácter psicosocial.
Atencións de carácter doméstico.
Número de horas mensuais: 70 horas.

Custe total do servizo: 858,20 € (12,26 €/hora)

O cómputo da capacidade económica mensual, facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 581,63 €, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custe do servizo de 1,22 €/hora.

Achega económica da persoa usuaria: 85,50 €/mes.

O servizo de SAF modificarase a partir do 1 de xuño de 2017.

Expediente 3247/2017. Expediente de contratación do servizo de mantemento de ascensores

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Visto que por providencia do día 19.05.2017 iniciouse o expediente administrativo para a adxudicación do contrato administrativo de servizo de mantemento de ascensores instalados en dependencias municipais.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta licitación, e que por Secretaria e Intervención se emitiron os informes preceptivos sobre a lexislación e procedemento aplicables e sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Por todo o que antecede, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do SERVIZO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES INSTALADOS EN EDIFICIOS MUNICIPAIS, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo ás aplicacións orzamentarias que constan no documento de retención de crédito expedido polo interventor municipal o día 24.05.2017.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratante.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850